

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA), ao través dos seus deputados **Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz, Xosé Manuel Beiras Torrado, Eva Solla Fernández, Antón Sánchez García e Juan Manuel Fajardo Recouso**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA O SEU DEBATE EN COMISIÓN**, relativa á **anulación da Orde do 14 de xuño de 2015 que adxudica destinos provisionais nos Conservatorios de Música a profesorado funcionario de carreira do corpo de ensino secundario, especialidade de música.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A consellería leva a cabo, de forma temeraria, prácticas que confrontan ao colectivo de docentes de Galicia. Sen ningunha necesidade. E, tal como sinalan mesmo algúns sindicatos, de suposto carácter ilegal. Referímonos á Orde do 14 de xuño de 2015 que permite que profesorado de secundaria acade destino nos Conservatorios de Música de Galicia.

Trátase dunha medida que atenta contra a calidade do sistema educativo, ademais de representar unha clara desestabilización dos cadros docentes, tanto dos institutos coma dos conservatorios. En vez de ter en conta a calidade, como a reconsideración das rateos das aulas, así como proceder ao proceso de reposición docente que require o noso sistema educativo, a Consellería de Educación decidiu, de forma arbitraria, fusionar o que son corpos administrativos e profesionais diferentes (590 secundaria;

594 música) ao que se accede a través de procesos de oposición diferentes e que, polo tanto, solicitan a demostración de saberes e capacidades diferentes para o exercicio da profesión.

Isto é o que denuncia o **Corpo de Profesores Funcionarios de Música e Artes Escénicas**. Dáse unha situación de indefensión, que deriva na perda de postos de traballo de persoal cualificado, que levaba anos en situación de precariedade (persoal interino e substituto), exercendo a profesión e que merecería a administración educativa procesos de estabilización a través de oposicións. Se hai necesidades e hai persoal especializado, non é entendible que non se estableza plantilla e que se proceda a prácticas que introducen inseguridade xurídica e precarizan ao Corpo de Profesores de Música e Artes Escénicas.

Por esta razón, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

Anular a Orde do 14 de xuño de 2015 que permite que profesorado de educación secundaria, especialidade de música, poda solicitar destino provisional nos Conservatorios de Música de Galicia.

Compostela, 15 de xaneiro de 2016.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso



Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 15/01/2016 11:39:19

Ramón Vázquez Díaz na data 15/01/2016 11:39:27

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/01/2016 11:39:32

Anton Sánchez García na data 15/01/2016 11:39:34

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 15/01/2016 11:39:36

Eva Solla Fernández na data 15/01/2016 11:39:38